



PLAN DIXITAL

CEIP Julio Gurriarán Canalejas

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro.

Nome do Centro: 32001658.- CEIP Julio Gurriarán Canalejas

-Dirección postal:

R/ Lugo, 2.

O Barco de Valdeorras.

32300 – Ourense.

- Correo electrónico: ceip.gurriaran@edu.xunta.gal
- Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgurriaran/>
- Facebook: <https://www.facebook.com/ceipjuliogurriaran>

O centro ten un total de 320 alumnos/as e imparten clase 35 profesores,

de Educación Infantil e Primaria.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.

1.2.1.- Características socioeconómicas e culturais do centro e do contexto.

O Centro de Educación Infantil e Primaria “Julio Gurriarán Canalejas” é un Colexio Público, polo tanto dependente da Consellería de Educación e O. U., da Xunta de Galicia. Atópase situado no Barco de Valdeorras (Ourense).

O Centro está situado na zona escolar do pobo, á entrada do Barco de Valdeorras accedendo pola Comarcal C-536.

Con relación a súa situación xeográfica , sinalar que ten unha extensión de 84 quilómetros cadrados , limitando o norte coa Serra da Enciña de Lastra, o leste con terras de Rubiá e de Carballeda, o oeste con Vilamartín e o sur coa Serra do Eixe, que se eleva ata os montes de Trevinca. Está situado a beira do río Sil, na comarca de Valdeorras.

O concello pertence a provincia de Ourense, situándose ao leste da mesma e a unha distancia da capital provincial de 114 kms a que polo xeral se accede pola N-120. Posúe un clima oceánico con algunhas características mediterráneas.

Con relación a poboación, sinalar que o Barco é un dos poucos lugares da xeografía galega onde o índice da poboación aumenta, debido fundamentalmente ós movementos migratorios maioritariamente de Sudamérica, Portugal, e en menor medida de Paquistán, Marrocos, Romanía na última década, atraídos polas expectativas laborais. Estes factores son importantes á hora de tratar temas como a tolerancia, a non discriminación, a convivencia entre as diferentes culturas, a interculturalidade.

Posúe unha **economía variada** e activa cunha importante produción de lousa, contando tamén cun reconvertido sector vitícola, e tamén ten a súa importancia o sector servizos. A nivel económico compre destacar o baixo índice de paro que contribúe o nivel socio-económico medio. A economía da comarca aséntase no sector primario, destacando como principal fonte de recursos a extracción de lousa. Asemade increméntase a produción de viño e de castañas, apertura de novas adegas, así como de naves de elaboración industrial dos derivados da castaña.

No sector secundario destaca a fábrica de CEDIE, adicada á produción de carburos, áridos e químicos. Así mesmo existe un amplo sector de servizos, tanto da administración, sanidade e ensino, e unha ampla ofertado pequeno e mediano comercio.

Con relación ás infraestruturas, sinalar a nivel xeral que O Barco conta con: estación de ferrocarril e de autobuses, con tres centros públicos de Educación Infantil e de Primaria, ademais dun centro concertado, todos eles adscritos os dous I.E.S; tres garderías (unha delas é pública). Dispón dun centro de Educación de Adultos, Conservatorio Profesional de Música e o Centro de Formación e Recursos (CFR).

Con relación á asistencia sanitaria dispón dos servizos do Hospital Comarcal de Valdeorras e centro de Saúde, completado con varias clínicas privadas. O concello dispón ademais dun Departamento de Servizos Sociais. Por ser ademais cabeza de comarca conta con outros servizos como Xulgados, Facenda, Matadoiro, Protección Civil, Cruz Vermella, etc.

Con relación os servizos deportivos e de ocio sinalar a existencia dun campo de fútbol, dous pavillóns de deportes, unha pista de atletismo, unha de tenis e piscinas municipais. Para o tempo de ocio existe unha oferta diversa como a Semana do cine, a Mostra de Teatro, Escolas Municipais Deportivas, club de Piragüismo e de Montañismo e a Escola de Gaitas.

Con relación aos servizos culturais o concello conta: Casa da cultura (cunha programación que inclúe exposicións, teatro, cine, actuacións musicais...), Biblioteca pública, Conservatorio Profesional de Música, Escola de Gaitas, Banda de música, orfeón valdeorrés...e diversas asociacións veciñais e culturais (IEV, Vía Nova, Porto da Barca, Vagalume...), Escola de Idiomas... Tamén existen outras asociacións de índole diversa como clubs deportivos (Montañeiros, atletismo, baloncesto, piragüismo...),

En referencia os grupos relixiosos existentes na vila, destacan maioritariamente os católicos, as Testemuñas de Jehova, cun templo de seu na vila, e nas últimas datas un aumento da poboación musulmá.

En relación os recursos persoais do Centro son os seguintes: oito mestras de educación infantil; once mestres/as de educación primaria, dous mestre/as de educación física, dúas mestras de inglés, unha mestra de educación musical, unha orientadora, dúas especialistas en pedagogía terapéutica, unha delas como apoio ao alumnado estranxeiro, unha mestra de audición e linguaxe, unha mestra de relixión, e este ano incorporouse un mentor Adix.

Como persoal non docente contase con un conserxe e persoal de limpeza (tres limpadoras).

1.2.2.- Contribución do Proxecto Dixital ao Proxecto Educativo do Centro.

No centro existe un plan de posta en práctica das tecnoloxías da Información e da Comunicación que se implementan dende o segundo ciclo de educación infantil, tanto o ordenador portátil coma a Pizarra Dixital presente en cada unha das aulas, así como da aula de informática, para levar a cabo tarefas como as que de seguido se sinalan:

- *Procura de información para os proxectos de traballo, sempre e cando a fonte de información sexa indicada polos alumnos/as no proceso de investigación, daranse pautas e guías para o uso dos buscadores de internet, empregando nas primeiras idades as imaxes como vía de coñecemento e investigación directa, deixando os textos escritos para a súa "impresión" e posterior lectura e análise na aula.*
- *Poranse a disposición dos alumnos/as unha serie de programas informáticos para nenos/as, destinados a tarefas motrices (manexo do rato...) ou xogos de abstracción simbólica (bits, memory, colorear...)*
- *Introducírase ós alumnos/as no uso das ferramentas informáticas habituais (procesador de texto, programa de debuxo, reprodutor musical...) buscando a súa finalidade funcional e asociándoa de xeito global co seu uso na vida cotiá.*
- *Acordarase e comentarase previamente as normas de uso e seguridade na aula de informática e o por que da existencia destas.*
- *Informarase e traballarase cos alumnos/as sobre a necesidade dunha visión crítica (non crer todo o que atopemos en internet).*
- *Participarase na elaboración da páxina web do centro, explicando os alumnos/as a finalidade e uso das webs.*

O centro conta dende os seus inicios co programa E-Dixgal, nas aulas de 5º e 6º co que cada un dos alumnos e profesores contan con un ordenador persoal que poden levar para a casa e que facilita a labor docente.

Por outra banda, o programa de xestión "XADE" facilita a labor docente con unha avaliación rápida e segura do alumnado e das familias.

Con respecto ao uso dos dos medios audiovisuais:

- *Empregase o DVD ou vídeo en función da tarefa a realizar e sempre e cando se considere oportuno, cunha finalidade coñecida previamente polos alumnos/as.*
- *Realízanse traballos de gravación da propia voz e imaxe en vídeo como forma de traballo da identidade persoal.*
- *Empréganse as fotografías (e cámara dixital) cos alumnos/as aceptando os usos que estes establezan para as mesmas e a fotografía dixital para "facer notar o paso do tempo" como medra unha planta ou ben os propios alumnos/as. Tamén se poderá empregar para notar o "paso de estacións" e como cambia a paisaxe en cada unha delas, de modo que poidan comparar unha mesma zona en diferentes épocas do ano.*
- *Empregase a PDI tanto para "debuxar de xeito ampliado" una imaxe como para os textos que requiran esta forma de exposición, por exemplo "os cómics".*
- *Empregase o "reprodutor de CD portátil".*

1.2.3.- Contribución do Proxecto Dixital a Programación Xeral Anual do curso 2022-23.

A P.X.A. do curso académico 2022-23, segundo o índice actual, engadirá no seu punto "8.- Plans e Proxectos" o Proxecto Dixital do centro que levará a cabo os obxectivos, indicadores e accións prantexados no punto 3.1 de este Plan Dixital.


1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital do Centro responde a necesidade de dar resposta a competencia dixital no ámbito educativo de Galicia e vértase a través dos tres marcos europeos elaborados polo [Centro Común de Investigación](#) da Comisión Europea:

- O marco europeo da [competencia dixital docente \(DigCompEdu\)](#) nas súas siglas en inglés) é a referencia para o desenvolvemento da competencia dixital do profesorado.

- O marco europeo para as [organizacións educativas dixitalmente competentes](#) é a referencia para os centros educativos e para a elaboración do **plan dixital** de centro.

- O marco [europeo da competencia dixital](#) para os cidadáns é a referencia para a **competencia dixital do alumnado**.



©Unión Europea

É un documento no que os centros educativos analizan a súa realidade en relación coas tecnoloxías dixital comezando por una análise

do estado actual de todo o conxunto: equipos, conexións a internet e competencia dixital do profesorado.

Lexislativamente está respaldado do seguinte xeito:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.
- Resolución do 7 de setembro de 2021 pola que se seleccionan, con carácter experimental, os centros docentes públicos que constituirán a Rede Galega de Educación Dixital, para o curso 2021-2022

Esta estratexia europea comprende o decenio 2020-2030.

1.4. Proceso de elaboración.

O proceso de elaboración do Plan Dixital contou dende o principio coa colaboración do equipo de Dinamización e do persoal docente que se implicou na elaboración das diferentes fases do mesmo (SELFIE, Test CDD, DAFO, Plan de Acción e redacción do Plan.

Contou ademais co apoio do CFR de O Barco mediante a realización de un PFPP que incluía un seminario específico para este Plan e que contou coa participación de todo o profesorado do centro.

Atopámonos agora nas ultimas fases de realización a aprobación polo Consello Escolar e a información ao Claustro de Profesores.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.

2.1.1.- Infraestrutura de comunicacións.

- Telefónica:

O número de do centro é 988 32 08 80.

Ao que se engadiu unha liña para o traballo do Adix2.barco: 988 07 62 03

- Dixital:

Na actualidade o centro conta coas seguintes conexións a internet:

- Abalar.

Con catro aulas implicadas, 2 de 5º e 2 de 6º, teñen conexión wifi dentro da aula, seguindo o programa E-Dixgal.

- Wifi: edu.xunta.es
 - Pode acceder a ela todo o persoal do centro con conta edu.xunta.gal, usado o seu usuario e contrasinal.
 - MOVISTAR 860A
 - MOVISTAR_PLUS_860A.

Estas dúas conexións habilitáronse para facilitar o traballo do Adix2.barco, que ten o seu destino educativo neste centro. Permite tamén o acceso por cable.

2.1.2.- Equipamento dispoñible identificados por espazos.

Educación Infantil	Ordenadores	Pizarra dixital	Proxector	Outros
3 anos A	1 Sob. antigo	1	1	Cable
3 anos B	1 Sob. antigo	1 Non táctil	1	Wifi/Cable
4 anos A	1 Portátil	1 Non interac.	1 R	Cable

4 anos B	1 Portátil	1	1	Wifi/Cable
5 anos A	1 Sob. antigo	1 Non interac.	1 B	Wifi/Cable
5 anos B	1 Sob. B	1 B	1 B	Wifi/Cable

Educación Primaria	Ordenadores	Pizarra dixital	Proxector	Outros
1º A	1 Sob. antigo	Non táctil	1	Cable
1º B	1 Sob. antigo	Non Interac.	1	Wifi/Cable
2ºA	1 Portátil R	1 B	1. Lampara R	Wifi/Cable
2º B	1 Sob. antigo	1 B	1	Wifi/Cable
2º C	1 Sob. antigo	1 B	1	Wifi/Cable
3º A	1 Sob. Ant. B	1 R	1	Wifi/Cable
3º B	1 Sob. antigo	Non interac.	1	Cable
4º A	1 Sob. antigo	1 B	1 B	Cable
4º B	1 Sob. antigo	Non interac.	1 B	Wifi/Cable
5ºA	1 Port. Lento	1 B	1 B	Wifi/Cable
5ºB	1 Portátil B	1 Desequil.	1 B	Wifi/Cable
6ºA	1 Port. Lento.	Non interac.	1 R. Temper.	Wifi/Cable
6ºB	1 Portátil	1 B	1 B	Wifi/Cable

Aulas E-Dixgal. Material do alumnado.

E-Dixgal	Ordenadores portátiles	
5ºA	13 Vermellos	2 Brancos. Mal.
5ºB	14 Vermellos	2 Brancos
6ºA	16 Vermellos	3 Brancos
6ºB	15 Vermellos	4 Brancos

Outras dependencias	Ordenadores	Pizarra dixital	Internet	Outros
Dirección Xefatura	2 Sob. B		Cable	1 telefono
Secretaria	1 Sob. B		Cable	1 telefono
Biblioteca	1 Sb. Adminis. 3 Sob. R		Cable	1 Impresora
Sala Mestres	3 Sob. R		Cable	1 Impresora
Conserxe				1 Impresora
Orientación	1 Sob. B		Cable	1 Impresora
Aulas AL	1 Sob.		Cable	1 tablet
Aulas PT	1 Sob.		Cable	1 tablet
Informática. Adix	1 portátil. R		Cable	1 Impresora Wifi 1 telefono

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.

Comezou a elaboración do Plan Dixital coa elaboración por parte do profesorado do centro do test SELFIE, onde participaron todos os grupos implicados e obtivéronse os seguintes resultados:

2.2.1.- SELFIE.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.

A - Liderado	Equipo	3.4			
	Profesorado	3.2			
	Alumnado				
B- Colaboración e redes	Equipo	3.4			
	Profesorado	3			
	Alumnado	3.9			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo	2.5			
	Profesorado	2.6			
	Alumnado	4.1			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo	3.5			
	Profesorado	3.5			
	Alumnado				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo	4			
	Profesorado	3.8			
	Alumnado	3.8			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo	4			
	Profesorado	3.4			
	Alumnado	3.8			
G- Prácticas de avaliación	Equipo	3.9			
	Profesorado	3.1			
	Alumnado				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo	3.9			
	Profesorado	3.3			
	Alumnado	4			

Apoiámonos tamén nas preguntas que se incorporaron suxeridas pola Consellería de Educación e que resultaron clarificadoras en algúns aspectos.

Todos os apartados foron ben valorados a excepción do C, “Infraestrutura e equipos” que adoecen de dunha antigüidade considerable necesitado continuas reparacións e actualizacións para o seu funcionamento.

2.2.2.- Test CDD.

Implementouse dentro da plataforma <https://www.edu.xunta.gal/fprofe/> a que podemos acceder todos os docentes e que é un espazo virtual pensado para a coordinación e xestión dos plans e programas de formación non docente e de mellora das competencias profesionais dos sectores cultural e educativo.

Enmarcase dentro da competencia dixital docente.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado.

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	20	25	80%
PROVISIONAL	3	4	75%

INTERINO	3	4	75%
SUBSTITUTO	2	2	100%
DESPLAZADO (OUTROS)	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
75.3	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas.

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	69.7	Integrador/a (B1)	68.2	Integrador/a (B1)
PRI.	77.1	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis.

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	3,4%
A2	12	41,4%
B1	11	37,9%
B2	2	6,9%
C1	1	3,4%
C2	2	6,9%
TOTAL	29	99.90%

De xeito persoal e anónimo cada docente tamén puido realizar o seu propio test de competencia dixital para observar o nivel no que estaría con respecto aos compañeiros do centro.

2.3. Análise DAFO.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> Dispositivos suficientes e dispoñibles nas aulas E-Dixgal Acceso a bibliotecas e repositorios en línea e abertos. Bo acceso a internet Utilízanse contornos virtuais de aprendizaxe. 	<ol style="list-style-type: none"> Infraestruturas insuficientes Dispositivos dixitais obsoletos ou deficientes incluso nas aulas E-Dixgal. Asistencia técnica deficiente. Protección de datos insuficiente Non constan medidas para identificar retos fora de E-Dixgal. Brecha dixital. Falta de tecnoloxías asistenciais(nee). Non poden traer dispositivo propio. Falta de dispositivos para o alumnado

		fora das aulas E-Dixgal.
PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Boa implicación e colaboración do alumnado. 2. Comportamento seguro e responsable nas competencias dixitais. 3. Os alumnos verifican a calidade da información. 4. Outorgan recoñecemento ao traballo dos demais. 5. Aprenden a comunicarse e adquiren habilidades dixitais. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de tempo para explorar a ensinanza dixital. 2. Debemos de reflexionar sobre a aprendizaxe e incorporar ao alumnado aos comentarios sobre o seu traballo.
PERSOAL NON DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Persoal comunicativo, colaborativo e implicado no proceso de ensinanza-aprendizaxe. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de estabilidade e continuidade no posto de traballo.
ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Boa implicación e colaboración do alumnado. 2. Comportamento seguro e responsable nas competencias dixitais. 3. Os alumnos verifican a calidade da información. 4. Outorgan recoñecemento ao traballo dos demais. 5. Aprenden a comunicarse e adquiren habilidades dixitais. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Non crean contidos dixitais, nin aprenden a codificar nin a codificar. 2. Non resolven problemas técnicos.
FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Boa comunicación coas familias. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Numeroso alumnado inmigrante de nova incorporación. 2. Uso das tecnoloxías para ocio.
OFERTA	<ol style="list-style-type: none"> 1. E-Dixgal. 2. Aula virtual. 3. Blogs en varias aulas (infantil...) 4. Facebook (xeneral do colexio) 5. Blog e Instagran da biblioteca. 6. Instagram do Equipo de Normalización Lingüística 	
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Existe un Plan Dixital no centro. 	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Apoio para abordar retos 2. Novas modalidades de ensinanza. 3. Normas sobre dereitos de autor e licencias de uso. 4. Existen sinerxias para o aprendizaxe mixto. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Somos usuarios de contidos dixitais. 2. Falta de fondos económicos. 3. Asistencia técnica mellorable. 4. Actualización dos equipos informáticos.
	LEXISLACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Promove a implementación do Plan Dixital 	
	CONTORNA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Alumnado inmigrante. 	
	ANPA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comunicación satisfactoria coa Comunidade Educativa 2. Colabora en actividades e programas. 	
	OUTRAS ENTIDADES	Concello	<ol style="list-style-type: none"> 1. Espazos físicos insuficientes

3. 3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Obxectivo 1

"Área/s de mellora": PERSOAL DOCENTE							
1. OBXECTIVO (1): 1	Aprender a usar o croma do colexio para a realización de vídeos interactivos					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo de educación infantil					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Realización de vídeos a través do <i>software</i> do croma						
Valor de partida (3)	0 cromas publicados						
Valor previsto e data (4)	1 croma por curso académico.				22/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A01.1: Presentación da ferramenta do croma ao profesorado por parte do equipo de educación infantil.	Equipo de ciclo.	22/12/2022	Croma do colexio Equipo informático do centro Profesorado con interese en participar		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.2: Aprendizaxe do uso do <i>software</i> do croma para a edición dun vídeo realizado co alumnado.	Equipo de ciclo.	31/03/2023	Croma. Equipo informático do centro <i>Software</i> de edición de croma		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.3: Publicación do vídeo nunha plataforma de vídeo do centro.	Equipo de ciclo.	22/06/2023	Plataforma de edición de vídeo. Profesorado con interese en participar na activade		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Obxectivo 2

"Área/s de mellora": PERSOAL DOCENTE							
2. OBXECTIVO (1): 2	Interpretar contos por medio de vídeos					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo de educación infantil e equipo de bibliotecas					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Creación de un vídeo en cada aula						
Valor de partida (3)	0 vídeos creados.						
Valor previsto e data (4)	6 vídeos creados				22/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A02.1: Selección de contos adecuados para a súa interpretación co alumnado en vídeo.	Equipo de ciclo.	22/12/2022	Contos da biblioteca		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.2: Creación do guión. Adaptación dos contos á interpretación en vídeo.	Equipo de ciclo.	31/03/2023	Cámara Trípode Iluminación Croma		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.3: Gravación e edición empregando o croma	Equipo de ciclo.	22/06/2023	Equipo informático do centro Software do croma		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Obxectivo 3

"Área/s de mellora": PERSOAL DOCENTE						
3. OBXECTIVO (1): 3	Aprendizaxe e utilización da ferramenta Google docs.				Acadado	
RESPONSABLE:	Primeiro ciclo de Educación Primaria				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Creación das programacións dentro da nube e utilización frecuente da ferramenta de Google docs.					
Valor de partida (3)	0 programacións creadas					
Valor previsto e data (4)	1 programación creada			22/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Creación dunha carpeta compartida en google docs na que se inclúan os documentos de centro: programacións. Edición e traballo nos documentos.	Equipo de 1º ciclo de primaria. Equipo directivo.	22/12/2022	Contas de google do profesorado Ordenadores do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Aprendizaxe no uso dos formatos de texto en google docs. E aplícalos aos documentos.	Equipo de 1º ciclo de primaria. Equipo directivo.	31/03/2023	Contas de google do profesorado Ordenadores do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Presentación dos documentos, análise dos problemas atopados e realización dun curso entre iguais.	Equipo de 1º ciclo de primaria. Equipo directivo.	22/06/2023	Contas de google do profesorado Ordenadores do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Obxectivo 4

"Área/s de mellora": PERSOAL DOCENTE						
4. OBXECTIVO (1): 4	Exploración de ferramentas para dinamizar e ludificar as aulas do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Aprendizaxe do funcionamento da ferramenta e utilización habitual. Existe unha versión class dojo para Linux.					
Valor de partida (3)	0 ferramentas					
Valor previsto e data (4)	1 ferramenta a implementar			22/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A04.1: Análise de varias ferramentas e o posible uso nas aulas. Elección da ferramenta. Introducción do alumnado dentro da ferramenta.	Equipo directivo	22/12/2022	Ordenadores do centro. Contas dos usuarios na ferramenta. Conexión a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Utilización da ferramenta coas familias durante o trimestre.	Equipo directivo	31/03/2023	Ordenadores do centro. Contas dos usuarios na ferramenta. Conexión a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Análise final do uso da ferramenta coas familias e co alumnado.	Equipo directivo	22/06/2023	Ordenadores do centro. Contas dos usuarios na ferramenta. Conexión a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Obxectivo 5

"Área/s de mellora": PERSOAL DOCENTE						
5. OBXECTIVO (1): 5	Utilización da ferramenta Kahoot na aula para dinamizar as preguntas. Existe unha versión para Linux.				Acadado	
RESPONSABLE:	Terceiro ciclo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Emprego de Kahoot para a realización de exames.					
Valor de partida (3)	0 exames realizados					
Valor previsto e data (4)	Realización de 1 exame por trimestre con esta ferramenta.			22/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A05.1: Análise das posibilidades do kahoot. Presentación da ferramenta a través dun cuestionario.	Equipo de terceiro ciclo	22/12/2022	Conta en Kahoot. Ordenadores E-Dixgal do alumnado. Móbil do profesorado. Pizarra dixital.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Aprender os diferentes modos de preguntas	Equipo de terceiro ciclo	31/03/2023	Conta en Kahoot. Ordenadores e-dixgal do alumnado. Móbil do profesorado. Pizarra dixital.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Análise final do uso de Kahoot no curso. Posibilidade de implementar en outros cursos ou materias.	Equipo de terceiro ciclo	22/06/2023	Conta en Kahoot. Ordenadores E-Dixgal do alumnado. Móbil do profesorado. Pizarra dixital.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar** OBXECTIVOS “SMART” (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles** (Measurable), deben responder a metas identificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que impliquen un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos** no tempo (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓN A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase A01.1., a segunda A01.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizando a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(10) ESTADO: Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.

3.2.1.- Infraestrutura dixital.

A infraestrutura dixital do centro no referente a estrutura de datos (Conexión a internet) pode cualificarse de boa, pois conta con todas as aulas cableadas e con acceso a internet por wifi en todos os casos. Puntualmente existen deficiencias de conexión.

A infraestrutura de voz conste de dúas líneas de teléfono (988 32 08 80 e 988 07 62 03) con bo funcionamento.

3.2.2.- Equipamento.

Os equipos das aulas de infantil e ata 4º de primaria presentan deficiencias, pois son equipos con numerosos arranxos e actualizacións que prestan un servizo básico nas aulas.

O mesmo ocorre coas pizarras dixitais, pois en algúns casos perderon a conectividade ou se desequilibran de xeito constante.

Mencionar especialmente as aulas de 4º, nas que as titoras manifestan a inquietude e boa vontade para iniciar dixitalmente ao seu alumnado con unha formación básica de cara aos cursos vindeiros, 5º e 6º, onde se van a encontrar con aulas dixitalizadas.

- Aulas dixitalizas. O centro conta con catro aulas de 5º e 6º que están dixitalizadas, con acceso a internet por wifi e con dotación dixital.
- Proxecto E-Dixgal. O centro conta con este proxecto dende os seus inicios, polo que os ordenadores persoais do alumnado comezan a ter deficiencias por uso e por estado. Rondan a perda de garantía de 5 anos establecida.
- Postos de traballo de xestión e administración do centro. O centro conta con tres equipos para esta finalidade, dous no espazo de Dirección/ Xefatura de Estudos e un en Secretaría.

- Biblioteca. Existe un equipo para xestión deste espazo que debería de ser renovado dada a súa antigüidade.
- Equipos da sala de profesorado. Existen tres equipos neste espazo con un estado mellorable dado o uso intenso ao que están sometidos, pois facilitan a impresión de material para a realización de moitas actividades.
- Aula de informática. Usada actualmente polo mentor Adix, dotouse de teléfono, impresora e conectividade a internet por cable e wifi de forma independente. Está cableada con aproximadamente 20 postos de internet. O seu uso está condicionado pola mellora dos equipos informáticos. Carece de pizarra dixital.

3.2.3.- Servizos dixitais educativos.

- XADE. Programa de xestión do alumnado.
- E-Dixgal.

4. Avaliación do plan.

Ao redactarse os obxectivos coa forma SMART e elabóranse en táboas que teñen prevista a avaliación de todo o proceso, concretamente nos cadros (9) e (10).

No cadro último aparece o estado da acción:

- Realizada.
- Aprazada
- Pendente.

4.1. Seguimento do Plan de Acción.

4.2. *Propostas de mellora (revisión).*

Na seguinte táboa obsérvanse as as propostas de avaliación que comprenden os dous puntos anteriores:

AVALIACIÓN PROCESUAL	Acción ou procedemento para a avaliación	Procedemento para a análise dos resultados	Propostas de mellora
Estado da execución das accións	Trimestralmente mediante informe do estado (executada, en proceso, aprazada).		
Análise e valoración dos resultados		Trimestralmente a través dunha rúbrica dixital	
Posibles modificación das accións			Trimestralmente mediante unha addenda
AVALIACIÓN FINAL	Acción ou procedemento para a avaliación	Procedemento para a análise dos resultados	Propostas de mellora
Eficacia ou utilidade do plan nos distintos ámbitos	En xuño, mediante rúbrica dixital.	Reflectir a valoración dos resultados da rúbrica nun informe na memoria anual.	En xuño, mediante un informe na memoria anual.
Estrutura organizativa para a implantación do plan	En xuño, mediante informe na memoria anual.		En xuño, mediante un informe na memoria anual.
Valoración do logro dos obxectivos	En xuño mediante unha rúbrica dixital, tomando como referencia as porcentaxes ou cantidades que aparecen en cada táboa de cada obxectivo do plan de acción.	Reflectir a valoración dos resultados da rúbrica nun informe na memoria anual.	En xuño, mediante un informe na memoria anual.

5. Difusión do plan.

Unha vez aprobado polo Consello do centro e informado o claustro elevarase ao Consello Social e estará a disposición da comunidade educativa na Secretaria do centro.

A difusión será por medio da paxina web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgurriaran/>